



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

(Aprobadas na Asemblea Xeral de data 15/12/2018)

MODALIDADE DE PRECISIÓN

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS, FINAIS E NACIONAIS DA MODALIDADE DE PRECISIÓN PARA O ANO 2019

Segundo o artigo 19 da Lei 3/2012, de data 2 de abril, do deporte de Galicia só serán competicións oficiais as que figuran como tales no calendario da Federación Galega de Tiro Olímpico.

As competicións oficiais da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO) publicaranse nun calendario oficial, e rexeranse polas súas propias normas de organización e técnicas, tendo como supletorias o estipulado nos regulamentos da ISSF, MLAIC, IPSC e ICFRA, así como os xerais e específicos da Real Federación Española de Tiro Olímpico. A FEGATO, como organizadora das Competicións no ámbito Autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o mellor desenvolvemento das mesmas.

Calquera situación non prevista nestas normas será o Comité designado en cada competición o que decida e resolva sobre o particular e, en última instancia, o Comité de Apelación da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Nas Modalidades da MLAIC e Cartuchería Metálica, só se celebrarán competicións nas modalidades de Mariette, Kuchenreuter, Vetterli e Donal Malson Piñal (agrupando pistola e revolver) e Núñez de Castro (fusil libre).

A Competición por Equipos de Clubs se disputará nas modalidades de : “Peterlongo”, “ Forsyth”, “Pforzheim”, Piñal, e Núñez de Castro , Freire y Brull, e Whitworth.

Nas competicións do Calendario Nacional que no estean organizadas directamente por la RFEDETO, será responsabilidade do Club organizador o cumprimento do establecido nos Reglamentos Técnicos declinando a FEGATO cualquera responsabilidade o respecto.

Para participar nos campionatos autonómicos e nacionais haberán de observarse as seguintes normas:

TIRADORES

- Para participar nas competicións programadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico deberán ter a Licenza federativa en vigor.
- Os tiradores deberán xestionar a súa licenza federativa a través do Club asociado. A cota de xestión da licenza de 3 euros só se aboará para aquelas licenzas que xestionen os Clubs antes do 1 de Xullo.
- Os tiradores júniors que desexen participar en modalidades nas que se empreguen armas de fogo que inclúan a súa clase de tirador, teñen, como requisito indispensable, que ter cumpridos os 18 anos de idade e posuír a Licenza de armas en vigor.
- Os tiradores maiores de 16 anos e menores de 18 años que participen en competicións nas que se utilicen armas de fogo, deberán cumprir integramente co disposto no Artigo 109 e concordantes do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas", polo tanto os tiradores de 16 a 18 anos, que cumpran co disposto no Regulamento de Armas, poderán participar na clase de tirador "júniors", aínda que é unha categoría superior a súa, debido a que en armas de fogo non hai categoría xuvenil".

Participación de deportistas extranxeiros

A participación de deportistas extranxeiros nas Competicións Oficiais rexirase, ademáis do establecido no Regulamento de Réximen Interior, por os seguintes apartados:

Deportistas Residentes en España

A súa participación queda condicionada ós mesmos requisitos exigidos ós tiradores galegos: marcas mínimas, Licenza Federativa do ano do curso, etc.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campións, subcampións ou terceiro, si bien aparecerán na acta de resultados no posto que houberan obtido.

Nas modalidades olímpicas, no poderán participar en Finais Olímpica.

Deportistas Non Residentes en España

A) **Comunitarios:** Poderán participar en competicións oficiais, tanto a título individual como formando parte de equipos de clubs en aqueles casos que a lexislación particular o permita, sempre que demostren a súa afiliación a Entidad Deportiva que desexen representar e estean en posesión da Licenza federativa.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campión, subcampión o terceiro, nin participar en final olímpica, se ben aparecerán na acta de resultados no posto que houberan obtido.

Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario obter autorización das autoridades españolas para a entrada e saída das armas.

B) **Non Comunitarios:** Non poderán participar en competicións oficiais de ámbito estatal. Exclusivamente e dentro de acordos puntuais, poderase permitir a participación de extranxeiros non comunitarios e non residentes fora de concurso e previa invitación da FEGATO, tendose en conta en cada momento o principio de reciprocidade internacional. En ningún caso poderán participar na final olímpica. Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario, obter permiso das autoridades españolas para a entrada e saída das súas armas.

Clases de tirador

Xóvenes Promesas (modalidades de aire)

- Categorias Inferiores: tiradores masculinos e femininos menores de 11 anos
- Alevins: tiradores masculinos e femininos entre os 11 e os 12 anos
- Infantís: tiradores masculinos e femininos entre os 13 e os 14 anos
- Cadetes: tiradores masculinos e femininos entre os 15 e os 16 anos
- Xuveniles: tiradores masculinos e femininos entre os 17 e os 18 anos
- Sub-23: tiradores masculinos e femininos entre os 19 e os 22 anos

Outras Clases

- Juniors: tiradores masculinos e femininos entre os 19 e os 20 anos
- Séniors: homes entre os 21 anos e os 54 anos
- Donas: mulleres entre os 21 anos e os 54 anos
- Veteranos: tiradores masculinos e femininos entre os 55 e 63 anos
- Veteranos Senior: tiradores masculinos e femininos entre os 64 e 71
- Veteranos Master: tiradores masculinos e femininos a partir dos 72 anos

Nota: En competicións as Categorias Veterano Senior e Master formarán unha única categoría: Veteranos SM.

Cambios de clase de tirador

Todos os tiradores cambiarán de clase no mesmo ano no que cumpran a idade mínima fixada.

Os tiradores que desexen participar en clases de idade superior a que posúen, excepto na de veteranos, deben comunicalo á FEGATO antes de participaren en calquera competición que esta organice e renunciar á que posúe non podendo participar, durante o ano, noutra distinta á que elixiu.

Os tiradores que pasen a clase veteranos, teñen a posibilidade de renunciar a dita clase mediante solicitude por escrito á FE.GA.TO, que debe presentar antes do día 30 de Novembro do ano en curso; o incumprimento deste requisito en tempo e

forma invalidará a pretensión do tirador, non podendo ser inscrito na categoría senior. Unha vez efectuada a renuncia á clase de veterano manteráse a de senior durante toda a temporada.

PROBAS DE OBTENCIÓN LICENZA DE ARMAS DE CONCURSO TIPO “F”

Os tiradores federados interesados en presentarse a proba para a obtención da “Licenza de Armas de Concurso Tipo “F”” deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos os 18 anos.
- Estar en posesión da Licenza Federativa do ano en curso.
- Levar federado un mínimo de 2 meses Inscribirse coa antelación suficiente, **o mércores da semana anterior** á data fixada para o exame, na FEGATO, establecéndose como hora de peche as 20,00 horas.
- Presentar no momento da inscrición o xustificante de abono das taxas, por importe de 40,00 €, e o certificado de aptitude para a práctica do tiro deportivo con armas de fogo, expedido por un club que dispoña das instalacións regulamentadas para realizar os adestramentos; no caso de non dispor destas, as certificacións de aptitude tamén deberán ser asinadas polo presidente ou secretario do Club onde se realizaron as prácticas de tiro.

Os tiradores que xa tiveron licenza tipo “F”, cando retornan a actividade deportiva e unha vez dispoñan de licenza federativa, poderán examinarse sen facer o curso de iniciación nin ter que esperar os dous meses. Deberán presentar o último permiso de armas, non podendo realizar o exame de non o ter caducado. Neste caso o interesado deberá solicitar, perante a súa Intervención de Armas, a renuncia do permiso e unha vez obtida xa poderá realizar o exame

Os aspirantes a obtención da licenza de armas tipo “F” que presentándose o exame por primeira vez non consigan a puntuación mínima esixida daráselles unha segunda oportunidade sen ter que aboar as taxas do exame. Tampouco aboarán de novo as taxas aqueles aspirantes que inscritos na proba non puideran asistir e houberan xustificado.

COMPETICIÓN INTERPROVINCIAIS PARA O ASCENSO DE CATEGORÍA

Poderán participar todos os tiradores, en posesión da Licenza federativa do ano en curso, que teñan Licenza de armas Tipo “F” de 3ª Clase e que desexen ascender a 2ª Clase.

Inscricións

- o Tiradores: Deberán formalizar as súas inscricións a través do Club de pertenza.
- o Clubs: Remitiran as inscricións a FEGATO, de acordo coas normas, tendo en conta que:
 - O prazo de inscrición remata 6 días antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 18,00 horas.
 - A cota de inscrición é de 6,00 €, e será ingresada na conta da FEGATO antes de que remate o prazo de inscrición.
 - A solicitude de inscrición debe enviarse por escrito á FEGATO, achegándose o xustificante de ingreso.

MODALIDADES DA “I.S.F.F.” E “M.L.A.I.C.”

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS (PROVINCIAIS)

Poderán participar todos os tiradores con Licenza federativa do ano en curso.

Os tiradores con Licenza federativa correspondente a outra provincia poderán participar fóra de concurso e só a efectos de puntuación para á participación nos campionatos autonómicos finais, ascenso de clase ou renovación da Licenza de armas.

Inscricións

- o Tiradores: Deberán formalizar as súas inscricións a través do Club de pertenza.
- o Clubs: Remitiran as inscricións a FEGATO, de acordo coas normas, tendo en conta que:
 - O prazo de inscrición remata 6 días antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 18,00 horas.

- A cota de inscrición é de 6,00 €, e será ingresada na conta da FEGATO antes de que remate o prazo de inscrición.
- A solicitude de inscrición debe enviarse por escrito á FEGATO, achegándose o xustificante de ingreso.
- Se algún tirador non poidese participar nun Campionato Provincial por estar competindo nunha proba, de rango superior, da Federación Española o Galega se lle dará por clasificado para a Fase Final.
- Os tiradores inscritos, de non poder participar, teñen a obriga de comunicalo á organización coa maior brevidade posible.

Sorteos:

Nas datas seguintes ó peche da inscrición celebrarase o sorteo correspondente ós postos, tandas, etc., así como as horas de competición.

Trofeos*

- 1 Participante na Modalidade ou na Clase
 - Diploma
 - 2 Participantes na Modalidade ou na Clase
 - 1º Diploma
 - 2º Diploma
 - 3 Participantes na Modalidade ou na Clase
 - 1º Medalla e diploma
 - 2º Diploma
 - 3º Diploma
 - 4 a 5 participantes na modalidade ou na Clase
 - 1º Medalla e Diploma
 - 2º Medalla e Diploma
 - 3º, 4º e 5º Diploma
 - 6 ou mais participantes na Modalidade ou na Clase
 - 1º, 2º e 3º Medalla e diploma
 - 4º, 5º e 6º diploma
- * a medalla poderá ser substituída por trofeo

Nos campionatos autonómicos clasificatorios non se celebrarán finais olímpicas.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS

Poderán participar:

- Todos os tiradores que interveñan nos campionatos autonómicos clasificatorios e que acaden as puntuacións mínimas que, para cada modalidade e clase, se sinalan no anexo como BAREMO “A”.
- Os tiradores que no campionato autonómico final do ano anterior acadasen, nesa modalidade e clase, a puntuación que se sinala no anexo como BAREMO “A”.

Xovenes Promesas: Poderán participar todos os tiradores que o houberan feito na Fase Clasificatoria, da Modalidade, do ano en curso e tamén aqueles que o fixeran na correspondente Fase Final do ano anterior sen ter en conta a clase.

Nas modalidades olímpicas celebrarase finais sempre que no campionato participen polo **menos 8 tiradores, agás na modalidade de Pistola Velocidade que se realizará con 6 tiradores. (ver notas aclaratorias)**

Inscricións:

- Tiradores: Deberán formalizar as súas inscricións a través do Club de pertenza.
- Clubs: Remitiran as inscricións a FEGATO, de acordo coas normas, tendo en conta que:
 - O prazo de inscrición remata 6 días antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 18,00 horas.
 - A solicitude de inscrición debe enviarse por escrito á FEGATO.
 - A cota de inscrición será gratuíta en todas as modalidades agás a de Percorridos de Tiro e FClass que a fixará o club organizador .
 - Os tiradores inscritos, de non poder participar, teñen a obriga de comunicalo á organización coa maior brevidade posible.

Sorteos:

Nas datas seguintes ó peche da inscrición celebrarase o sorteo correspondente ós postos, tandas, etc., así como as horas de competición e finais se as houbese por razóns da modalidade.

Será responsabilidade do tirador comprobar que tanto a súa inscrición coma os seus datos foron incluídos correctamente nas listas expostas. Calquera erro detectado deberá comunicárselle, antes do Xoves anterior á data da celebración, ó comité organizador para a súa corrección, de non facelo así o día da competición o Comité Organizador poderá negarlle a participación aínda que o erro non sexa responsabilidade do tirador.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS DE CLUBS:

- Os clubs, para poder participar nos campionatos galegos fases finais de clubs, deberán estar inscritos na Federación Galega de Tiro Olímpico e ter aboado o canon federativo do ano en curso.
- Os tiradores que participen só poderán representar o club que figure na súa licenza federativa.
- Os equipos constarán de tres tiradores, podendo presentar cada club os equipos que desexe. Poderán ser de calquera clase de tirador que compitan o mesmo día e baixo condicións semellantes, tendo que ser obrigatoriamente da mesma modalidade.
- Nas modalidades de Avancarga e Cartuchería Metálica os equipos estarán formados por tres tiradores. Só se presentarán equipos nas modalidades de **“Peterlongo”, “Forsyth”, “Pforheim”, Piñal e Núñez de Castro.**
- Celebraranse ó mesmo tempo cos campionatos autonómicos finais, agás a Copa Galicia, polo que os tiradores participantes deben cumprir as esixencias destes. Ó rematar cada campionato darase unha clasificación individual e outra dos equipos por clubs e modalidade.

Premios:

Diploma ós 1º, 2º e 3º equipos clasificados.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES PRELIMINARES CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Para o ano 2019 terán recoñecemento de Fases Preliminares dos Campionatos de España e serán consideradas por la RFEDETO, validas os efectos de renovación de 1ª ou ascenso a 1ª categoría da Licenza de Armas Tipo “F” as Fases Finais das Modalidades seguintes:

- | | | |
|------------------------|------------------------|-----------------------------------|
| - Pistola Libre | - Pistola Velocidade | - Pistola Deportiva Donas e 30+30 |
| - Pistola Estándar | - Pistola Fogo Central | - Pistola 9 mm |
| - Carabina Tendido | - Carabina 3x20 e 3x40 | |
| - Percorrido de Tiro | | |
| - Cartuchería Metálica | | |

RECLAMACIÓN E APELACIÓN.

Calquera tirador ou Delegado Federativo ten dereito a reclamar ou apelar os feitos ou decisións que se produzan nunha competición e afecten os seus intereses deportivos. De suceder isto, deberá facelo en tempo e forma de acordo cos procedementos que sinala o Regulamento da I.S.S.F. nos artigos correspondentes, e a súa reclamación será resolta polos Xurados de Competición/Clasificación /Apelación.

O depósito que debe acompañar será de 50,00 € que será devolto se a reclamación é aceptada.

No caso de desacordo coa decisión do Xurado de Competición ou Clasificación, e se recorre ao Xurado de Apelación o depósito será de 60,00 € que, xunto co inicial de 50,00 €, serán devoltos se se confirma xustificada a Apelación.

AXUDAS EN CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS

Premios en metálico:

Durante o presente ano aboaranse en premios en metálico para desprazamentos e estancias as que se sinalan no BAREMO “D”, que está establecido para todas as clases exceptuando os xóvenes promesas, que se regulan no BAREMO E.

Para poder cobrar os premios en metálico ou bolsas de axuda, os tiradores teñen que cumprir coa condición política de galego que ben establecida no Artigo 3.1 da lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia no que se di expresamente que gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

Trofeos*

- 1 Participante na Modalidade ou na Clase
 - Diploma

- 2 Participantes na Modalidade ou na Clase
 - 1º 2º Diploma

- 3 Participantes na Modalidade ou na Clase
 - 1º Medalla e diploma
 - 2º e 3º Diploma
 -
 - 4 a 5 participantes na modalidade ou na Clase
 - 1º e 2º Medalla e Diploma
 - 3º, 4º e 5º Diploma
 -

- 6 ou mais participantes na Modalidade ou na Clase
 - 1º, 2º e 3º Medalla e diploma
 - 4º, 5º e 6º diploma
 -

Ó final de cada campionato autonómico final entregaranse as medallas* e diplomas asignados (a medalla poderá ser substituída por trofeo).

XXX EDICIÓN DA COPA GALICIA

A Copa Galicia disputarase de maneira rotativa nas Modalidades de:

- **Pistola Aire 60 (Mixto)**
- **Carabina Aire 60 (Mixto)**

- ✓ Poderán participar os 15 tiradores máis destacados de todas as clases de tirador agás xuvenís e inferiores. A clasificación farase entre aqueles que acaden as mellores puntuacións no Campionato Autonómico Final da Modalidade a disputar.
- ✓ A puntuación de clasificación será a puntuación individual sen final.
- ✓ De existires empate para a clasificación procederase o desempate seguindo o establecido nas normas I.S.S.F.
- ✓ Para a súa celebración será necesario unha participación mínima de dez (10) tiradores, de non cumprirse este requisito disputarase na modalidade seguinte.
- ✓ Os tiradores que se clasifiquen teñen, obrigatoriamente, que solicitar a súa inscrición.
- ✓ As normas e prazos de inscrición serán os mesmos que se aplican para os Campionatos Autonómicos Finais.

Trofeos

1º, 2º e 3º Copa ou medalla e diploma
4º, 5º y 6º Diploma
do 7º en diante Diploma de participación

Gañadores das últimas edicións

ANO	MODALIDADE	GAÑADOR	PUNTOS	CON FINAL
1999	Pistola Aire 40	Manuela Garabal Piñeiro	374	-----
1999	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	571	668,5
2000	Pistola Libre	Carlos Iglesias Pérez	540	624,5
2001	Pistola Aire 40	Manuela Garabal Piñeiro	371	-----
2001	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	570	667,6
2002	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	566	664,8
2003	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	572	664,7
2004	Pistola Aire 60	Jose Luis Fernandez Flores	574	669,7
2005	Pistola Aire 60	Julio Rivas Iglesias	580	681,3
2006	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	572	669,1
2007	Pistola Aire 40	Evelyn Manchon Maume	373	470,4
2007	Pistola Aire 60	Julio Rivas Iglesias	581	683,2
2008	Pistola Aire 40	Manuela Garabal Piñeiro	371	371,00
2008	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	577	677,80
2009	Pistola Aire 40	Manuela Garabal Piñeiro	360	458,7
2009	Pistola Aire 60	Manuel Martínez Varela	572	670,60
2010	Pistola Aire 40	Nuria Garcia Gonzalez	366	454,90
2010	Pistola Aire 60	José Luis Fernández Flores	569	664
2011	Pistola Aire 40	Andrea Barrio Arias	363	457,40
2011	Pistola Aire 60	Miguel Sanchez Gomez	562	660,90
2012	Pistola Aire 40	Andrea Barrio Arias	379	475,20
2012	Pistola Aire 60	Marco Veiga Fernandez	564	660,40
2013	Pistola Aire 40	Andrea Barrio Arias	372	189,90
2013	Pistola Aire 60	Dario Piroscia Penado	548	194,80
2014	Pistola Aire 60	Julio Rivas Iglesias	560	195,00
2015	Pistola Aire 40	Andrea Barrio Arias	358	182,3
2016	Pistola Aire 60	Gervasio Murado	554	194,0
2017	Pistola Aire 40	Beatriz Pereira Lama	362	221,9

CAMPIONATOS NACIONAIS

Inscricións

- Os tiradores e Clubs deberán formalizar as inscrición nos impresos oficiais da RFEDETO, e os enviarán a FEGATO 72 horas antes de que finalice o prazo sinalado pola RFEDETO para ás Federacións Autonómicas. As inscricións deben acompañarse do xustificante de ingreso.
- Rematado o prazo ná FEGATO, (72 horas antes), seguiránse admitindo inscricións ata que remate o prazo dá Nacional pero estes tiradores xa non formarán parte dos equipos Galegos que se formen
- Os importes das inscricións deberán ser ingresados na conta da Federación Galega, aperturada en “ ABANCA” co número ES83 2080-5500-4130- 4011-3430, antes de que remate o prazo de inscrición.
- Para a emisión de certificados de resultados, só se certificarán, a petición dos tiradores, aquelas medallas conseguidas nas competicións de nivel español das que se teñan Actas.

AXUDAS PARA OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA (Modalidades de Precisión e Armas Históricas)

1. FORMACIÓN DE EQUIPOS

- A FEGATO, sempre que o estime conveniente, en base ó nivel dos posibles asistentes e si as condicións económicas o permitan, enviará un (1) equipo galego que represente a Galicia nos campionatos de España.
- Para poder formar parte do equipo Galego os tiradores deberán ter a mesma categoría deportiva na FEGATO que na Real Federación Española de Tiro, de non ser así non serán seleccionados para a formación de equipos galegos nos

campionatos nacionais.

- Os equipos da FEGATO estarán compostos por **tres tiradores** e formaranse da seguinte maneira:
 - o Os equipos se formarán cos dous primeiros clasificados coas puntuacións mais altas nas fases finais dos Campionatos Autonómicos sempre que acadasen as puntuacións mínimas esixidas no BAREMO “B”, o terceiro designarase a criterio da FEGATO.
 - o A puntuación de clasificación será a puntuación individual sen final.
 - o De existires empate para a clasificación procederáse o desempate atendendo ó regulamento da competición en cuestión.
 - o Un tirador representará a Galicia cando así o propoña a FEGATO mediante a súa inscrición oficial.
 - o Os componentes deste equipo abonaráselle o importe das inscricións e as cotas das modalidades das que formen equipo.

Axudas

As axudas programadas para as distintas probas dun campionato non serán acumulables, obtendo o tirador a de maior contía.

Para o presente ano aboaranse en concepto de axudas para desprazamentos e estancias as seguintes cantidades:

- Na Comunidade Autónoma 100,00 €
- Ata 500 km, a contar dende a sede federativa 270.00 €
- A partir de 500 km 300.00 €

Tamén percibirán axuda nos campionatos de España os tiradores que obteñan as puntuacións que, para cada modalidade, se indican no BAREMO “C”. Se o Campionato celébrase na Comunidade Galega a axuda será de 150.00 €.

Os tiradores que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán utilizar a uniformidade tanto a nivel individual como por equipos, finalizar a competición e no caso que resulte clasificado esperar á entrega de trofeos e recibir a honra que lle corresponda; de non facelo así se entenderá que renuncia á axuda.

A xunta directiva da FEGATO, previa aprobación da Comisión Delegada, poderá aumentar ou diminuír as axudas segundo as disposicións económicas.

1.1 FORMACIÓN DE EQUIPOS INCOMPLETOS

No caso de que só “un” ou “dous” tiradores cumpran coas condicións do punto “1”, a FEGATO podería completar o equipo cos tiradores inscritos que teñan as máximas puntuacións aínda que non alcanzasen os puntos que se piden no BAREMO “B”.

A estes tiradores, que completan o equipo, abonaráselles o importe das inscricións e as cotas das modalidades das que formen equipo. No caso de que o equipo consiga algunha medalla, sempre que participasen polo menos tres equipos doutras autonomías, se lles daría, en función desta, a axuda seguinte:

- Medalla de Ouro 200,00 € (150,00 € na Comunidade Autónoma)
- Medalla de Prata 150,00 € (100,00 € na Comunidade Autónoma)
- Medalla de Bronce 100,00 € (75,00 € na Comunidade Autónoma)

Os tiradores dos Equipos Galegos que nun mesmo campionato representen a Galicia en varias modalidades percibirán polo terceiro e sucesivos días de competición unha axuda, de 40,00 €.

Ademais das anteriores tamén se lles aplicará o BAREMO “C” alternativamente.

As axudas programadas para as distintas probas dun campionato non serán acumulables, obtendo o tirador a de maior contía

1.1.2 AXUDA INDIVIDUAL

Se non se formase equipo, a FE.GA.TO, concederá a axuda establecida para aqueles tiradores que nos campionatos Galegos houberan alcanzado a puntuación esixida para a modalidade no Baremo "D".

Os tiradores do punto 1, 1.1 e 1.1.2 que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán utilizar a uniformidade tanto a nivel individual como por equipos, finalizar a competición e no caso que resulte clasificado esperar á entrega de trofeos e recibir a honra que lle corresponda; de non facelo así se entenderá que renuncia á axuda.

1.2. FORMACIÓN DE EQUIPOS A PETICIÓN PROPIA

A FEGATO, a petición dos tiradores inscritos, poderá formar equipos que a representen nos Campionatos de España sempre que:

- ✓ Os tiradores interesados, e que cumpren as condicións xerais para formar equipo, deben solicitar por escrito a súa vontade de formar equipo sabendo que non teñen dereito á axuda.
- ✓ A FEGATO só aboará os gastos de inscrición dos equipos. En caso de conseguir algunha medalla se lles daría, a cada un dos compoñentes, sempre que participasen polo menos tres equipos doutras autonomías, as axudas seguintes:
 - Medalla de Ouro 200,00 € (150,00 € na Comunidade Autónoma)
 - Medalla de Prata 150,00 € (100,00 € na Comunidade Autónoma)
 - Medalla de Bronce 100,00 € (75,00 € na Comunidade Autónoma)
 -
- ✓ Ademais das anteriores tamén se lles aplicará o BAREMO "C" alternativamente.
- ✓ As axudas programadas para as distintas probas dun campionato non serán acumulables, obtendo o tirador a de maior contía.
- ✓ Os compoñentes do equipo galego que resulten clasificados deberán esperar a entrega de trofeos e recibir a honra que lles corresponda. Proporcionaráselles vestimenta con anagramas da FEGATO, que deberán usar, obrigatoriamente, na entrega de trofeos, medallas ou diplomas.
- ✓ En todos os casos as inscricións deben ter entrada antes das 13 horas do día que finalice o prazo de inscrición na FEGATO (72 horas antes do peche na RFEDETO). Despois deste prazo os equipos que se inscriban non recibirán axuda da FEGATO.
- ✓ En caso de que a FEGATO xa formase equipo para a mesma competición e modalidade, valorase se formar ou non equipos a petición propia.

2. OUTRAS AXUDAS

Os tiradores de clase júnior cobrarán as mesmas axudas que os sénior. A puntuación que deben obter é a que se sinala no BAREMO "C".

Os tiradores júniors se os ingresos o permiten, recibirán axudas para concentracións, cursos de formación, perfeccionamento, material deportivo, vestimenta etc.

As inscricións dos tiradores galegos na Copa S.A.R. Princesa de Asturias serán por conta da Federación Galega, e como axuda so se abonarán as cantidades correspondentes as medallas que obteñan.

AXUDAS PARA OUTRAS COMPETICIÓN

- Copa Presidente de Armas Deportivas
- Copa Master 100

A FEGATO, se as condicións económicas o permiten, e a petición dos tiradores inscritos, poderá formar equipos que a representen en outras competicións do ámbito nacional. A FEGATO só aboará os gastos de inscrición dos equipos. No caso de que o equipo consiga algunha medalla se lles concederá a cada un dos compoñentes, sempre que participasen polo menos tres equipos doutras autonomías, as axudas seguintes:

- Medalla de Ouro 200,00 € (150,00 € na Comunidade Autónoma)
- Medalla de Prata 150,00 € (100,00 € na Comunidade Autónoma)
- Medalla de Bronce 100,00 € (75,00 € na Comunidade Autónoma)

"Para poder cobrar os premios en metálico ou bolsas de axuda, os tiradores teñen que cumprir coa condición política de galego que ben establecida no Artigo 3.1 da lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia no que se di expresamente que gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia."

Armas Históricas

Nas fases de clasificación para o Campionato de Europa de Armas Históricas(CEAH), percibirán axuda os tiradores que o final destas cumpran as seguintes condicións:

- 300.00.- € - os que asistan ás catro fases e queden entre os oito primeiros postos
- 240.00.- € - os que asistan a tres fases e queden entre os oito primeiros postos

Xovenes Promesas

Na reunión mantida o 23/04/2016, entre a FE.GA.TO. e os Clubs que contan con tiradores xovenes promesas, acordouse, entre outras, confeccionar unha táboa de puntuacións que permitise, tanto a Clubs como tiradores, coñecer de antemán as puntuacións que teñen que acadar os tiradores xóvenes promesas para poder optar a unha bolsa por participar no Campionato de España. Do estudo efectuado, e atendendo ó nivel de tiro dos xóvenes promesas a nivel Nacional, creouse o cadro de puntuacións, chamado **Taboa "E"**. Atendendo ao cadro, os tiradores galegos que consigan nos Campionatos Fases Finais de Xovenes Promesas as puntuacións que se reflectan na Columna "A" terán dereito ó 60% da bolsa que se estableza para tal fin, cun máximo de 150,00 €. Estes tiradores formarán o Equipo que represente a FE.GA.TO no Campionato de España. Se o número de tiradores do Grupo "A" non fora suficiente para formar equipo recorreríase para completalo ós tiradores inscritos con puntuacións incluídas no Grupo "B", estes tiradores elixidos só terán dereito o 50% de bolsa.

Tamén se poderán formar equipos á solicitude dos tiradores que non dean as puntuacións, aínda sabendo que non teñen dereito a ningún tipo de axuda, en tal caso deberán solicitalo por escrito a FEGATO.

Ademais de estas axudas os tiradores xóvenes promesas tamén terán dereito a cobrar as axudas polas medallas individuais que consigan.

Copa S.A.R. Príncipe de Asturias: Aos tiradores Xovenes Promesas que participen no Trofeo Príncipe de Asturias abonaráselle as cotas de inscrición e as medallas que consigan con arreglo a seguinte:

- Medalla de Ouro 100,00 €
- Medalla de Prata 75,00 €
- Medalla de Bronce 50,00 €

Ós tiradores xovenes promesas, se os ingresos o permiten, recibirán axudas para concentracións, cursos de formación, perfeccionamento, material deportivo, vestimenta, etc.

Outros

Os tiradores que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán utilizar a uniformidade tanto a nivel individual como por equipos, finalizar a competición e no caso que resulte clasificado esperar á entrega de trofeos e recibir a honra que lle corresponda, de non facelo así se entenderá que renuncia á axuda.

A negativa a formar equipo sen causa xustificada ou o incumprimento das normas anteriores suporá a non percepción da axuda correspondente así como o veto para formar equipos que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico.

Para percibir as axudas programadas os tiradores teñen que cumprir co disposto no artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

De non acudir o presidente ou vicepresidente da Sección de Precisión nomearase a un Delegado Federativo que representará á

FEGATO no campionato designado, coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición deberá, á maior brevidade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato para constancia da Federación. De non ir formando parte do equipo, aboaránselle os gastos de desprazamento, máis unha axuda de custo reducida por cada día de competición, mais outra polo día anterior ó inicio da Competición.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, aboaránselle unha axuda de custo reducida por cada día de competición mais outro polo día anterior ó inicio da Competición.

As inscricións para participar por equipos de clubs en competicións nacionais, inscribíranse a través da Federación Galega, e esta comprobará que os compoñentes dos equipos cumpran coas normas establecidas pola Real Federación Española de Tiro Olímpico.

GASTOS POR ARBITRAXE

No presente ano aboáranse por gastos de arbitaxes as seguintes cantidades:

Axuda de 45,00 € (media xornada ata as 15 horas). Deducción 2% de IRPF.

Axuda de 90,00 € (xornada completa). Deducción 2% de IRPF.

Para non especificar todas as situacións que puidesen darse aplícase o Decreto 21/1994, de 4 de febreiro, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, sobre indemnizacións por razón de servizo ó persoal con destino na Administración Autónoma de Galicia.

Para poder arbitrar nas competicións oficiais será necesario posuír a Licenza federativa de xuíz-árbitro en vigor e que a esta teña liquidado o seguro deportivo.

Para aboar os gastos por actuacións doutros técnicos aplicarase o disposto no devandito decreto.

FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

NORMAS PARA A PRÁCTICA DE PERCORRIDOS DE TIRO

CONSIDERACIÓNS XERAIS

As competicións de percorridos de tiro rexeranse polos regulamentos técnicos oficiais de I.P.S.C. en vigor.

Ademais das normas vixentes de IPSC a FEGATO, como organizadora das competicións no ámbito autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o seu mellor desenvolvemento.

A clasificación da tirada realizarase co programa informático da Federación Internacional de I.P.S.C. ou, no seu defecto, por calquera outro contrastado polo Comité técnico da FEGATO.

CLUBS

Os clubs interesados na práctica desta modalidade deberán estar adscritos á FEGATO e inscritos no Rexistro Nacional de Clubs ademais de posuír a habilitación federativa. Solicitar esta habilitación federativa implica ter acreditada a práctica das modalidades da ISSF.

Todos os clubs rexistrados e habilitados para exercer as actividades de percorridos de tiro deberán coñecer e acatar as normas e regulamentos vixentes para esta modalidade.

Obrigatoriamente terán contratado un seguro con cobertura de responsabilidade civil e danos a terceiros

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS

Os clubs que desexen organizar competicións desta modalidade, ademais de cumprir coas condicións expostas nos apartados anteriores, deberán enviar á FEGATO, co tempo suficiente, en calquera caso nunca será inferior a un mes antes da celebración da proba, unha copia completa do programa que se vai realizar, no que deben figurar:

- Os exercicios que se van realizar co seu esquema
- Nome do director da competición e relación de árbitros propostos
- Formulario de inscrición e de reclamación
- O prazo límite de inscrición e todas as demais especificacións necesarias para a realización da competición.

Unha vez examinada pola Comisión técnica da FEGATO comunicarase, no prazo máximo de dez (10) días, a aceptación da proba e do programa, coas modificacións precisas se as houbera atendendo sempre á súa adecuación ó regulamento e ós puntos de vista da seguridade.

A FEGATO encargarse de difundir o programa da Tirada entre os clubs.

CARNE HABILITANTE PARA A MODALIDADE DE PERCORRIDOS DE TIRO

A RFEDETO atavés da súa Comisión Delegada, aprobou que para a práctica da modalidade de PERCORRIDOS DE TIRO, se expida un “carné habilitante” cuxo custo será de cinco (5,00) euros e que servirá para acreditar a práctica habitual dá modalidade.

Os tiradores de PERCORRIDOS DE TIRO que soliciten dito carné, deberán facelo a través do seu club de pertenza, quenes aboarán a cota de cinco (5,00) euros. A FEGATO remitirá a RFEDETO a relación de tiradores habilitados así como o importe correspondente.

TIRADORES

Todos os tiradores que desexen participar deberán estar afiliados á FEGATO e asociados a un club que estea recoñecido pola RFEDETO para exercer esta actividade no ámbito nacional.

Deberán acreditar a súa participación en actividades federativas de ámbito autonómico durante un ano, ou dous en ámbito provincial, nas modalidades deportivas recoñecidas pola ISSF.

Aparte das anteriores e demais normas deberán estar, obrigatoriamente, en posesión da Licenza de Armas de Fogo.

A condición de tirador que practica a modalidade de percorridos de tiro obriga a recoñecer e acatar todas as normas e regulamentos en vigor.

Participación de deportistas extranxeiros

A participación de deportistas extranxeiros nas Competicións Oficiais rexirase, ademais do establecido no Regulamento de Réximen Interior, por os seguintes apartados:

Deportistas Residentes en España

A súa participación queda condicionada ós mesmos requisitos exigidos ós tiradores galegos: marcas mínimas, Licenza Federativa do ano do curso, etc.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campións, subcampións ou terceiro, si bien aparecerán na acta de resultados no posto que houberan obtido.

Deberán estar en posesión de TARXETA EUROPEA DE ARMAS ou en caso contrario obter autorización das autoridades españolas para a entrada e saída das armas.

Estarán en posesión do carné habilitante para a modalidade de PERCORRIDOS DE TIRO da RFEDETO.

Deportistas Non Residentes en España

A) Comunitarios: Poderán participar en competicións oficiais, tanto a título individual como formando parte de equipos de clubs en aqueles casos que a lexislación particular o permita, sempre que demostren a súa afiliación a Entidad Deportiva que desexen representar e estean en posesión da Licenza federativa.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campión, subcampión o terceiro, nin participar en final olímpica, si bien aparecerán na acta de resultados no posto que houberan obtido.

Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario obter autorización das autoridades españolas para a entrada e saída das armas.

B) No Comunitarios: Non poderán participar en competicións oficiais de ámbito estatal. Exclusivamente e dentro de acordos puntuais, poderase permitir a participación de extranxeiros non comunitarios e non residentes fora de concurso e previa invitación da FEGATO, tendose en conta en cada momento o principio de reciprocidade internacional. En ningún caso poderan participar na final olímpica. Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario, obter permiso das autoridades españolas para a entrada e saída das suas armas.

CLASES DE TIRADOR

As Clases de tirador Para a Modalidade de IPSC son as seguintes

- | | |
|---|--|
| - “Juniors” entre os 18 e os 20 anos | Juniors entre os 18 e os 20 anos |
| - “Donas” a partir dos 21 anos de idade | Donas” Competidoras do xénero feminino. |
| - “Xeral” dende os 21 aos 50 anos | Xeral” Competidores dende 21 aos 49 anos |
| - “Sénior” dende os 51 aos 60 anos | Seniors” Competidores dende os 50 aos 59 anos. |
| - “Súper Sénior” a partires dos 61 anos | Súper Sénior” a partires dos 60 anos. |

Cambios de clase de tirador

Todos os tiradores cambiarán de Clase no mesmo ano no que cumbran a idade mínima fixada. Os tiradores que pasen a Clase Sénior, teñen a posibilidade de renunciar a dita Clase mediante solicitude por escrito á FEGATO. A renuncia en favor da permanencia na Clase Xeral haberá de realizarse antes do día 30 de Novembro do ano en curso; o incumprimento deste requisito en tempo e forma invalidará a pretensión do tirador, non podendo ser inscrito na Clase Xeral. Unha vez efectuada a renuncia á Clase de Sénior manteráse a de Xeral durante toda a temporada.

Os tiradores que desexen participar en clases de idade superior a que posúen, excepto na de Sénior, deben comunicalo á FEGATO antes de participaren en calquera competición que esta organice e renunciar á que posúe non podendo participar, durante o ano, noutra distinta á que elixiu.

DIVISIONS:

Establécense as seguintes divisións:

- Open
- Estándar
- Producción
- Classic

Celebrarase o campionato galego de cada unha destas divisións, sempre que haxa inscritos un mínimo de seis (6) tiradores en cada unha delas.

As competicións de IPSC rexeranse, no concerninte a idade de cada Clase, polo seu regulamento

Recoñecerase a clase de tirador, excepto na categoría Junior, cando haxa, como mínimo, unha inscrición de tres tiradores. De non ser así agrúparase na categoría anterior.

INSCRICIONS

Os clubs utilizarán o formulario oficial correspondente, incluído no programa facilitado polo club organizador, tramitarán as inscricións dos seus socios capacitados para intervir nestas competicións. Se por causas razoables non puidese realizarse a inscrición colectiva os propios interesados terán que cursala de forma individual.

As inscricións, tanto individuais como por equipos, serán remitidas por escrito directamente á FEGATO, dentro do prazo límite de inscrición establecido.

As cotas de inscrición, individuais e por equipos, serán fixadas polo club organizador e o seu importe estará en función dos gastos que se orixinen debido ás características da montaxe, o número de exercicios do Percorrido, os de organización, persoal de apoio e trofeos.

Os gastos, que serán por conta do club organizador, serán aboados con cargo ós ingresos por inscricións.

TROFEOS:

Establécense os seguintes trofeos, mínimos, atendendo o nivel de participación :

Individual :

- 1 a 4 tiradores 1º Diploma
- De 1 a 7 tiradores 1º Trofeo e Diploma
2º, 3º, 4º, 5º, 6º Diploma
- De 1 a 9 tiradores 1º e 2º Trofeo e Diploma
3º, 4º, 5º, 6º Diploma
- De 10 en diante 1º 2º e 3º Trofeo e Diploma
4º, 5º e 6º Diploma

Equipos:

- 3 equipos 1º Diploma
2º Diploma
- De 4 a 6 1º Trofeo e Diploma
2º, 3º e 4º Diploma
- De 6 en diante 1º 2º e 3º Trofeo e Diploma
4º, 5º e 6º Diploma

A organización, ademais dos anteriores, poderá establecer os trofeos de cortesía que considere oportunos. Ó finalizar a competición procederase á entrega dos trofeos.

COMPETICIÓN:

Antes do comezo da competición deberase expoñerlles en lugar visible e accesible a todos os participantes a seguinte información:

- Identificación do match director, do ranger master, dos ranger officers designados e do delegado federativo da FEGATO
- Relación de participantes e composición das escuadras

- Relación dos equipos e os seus compoñentes
- Cadro de distribución de escuadras por Stages e horarios de comezo
- Composición do xurado de competición

Tamén deberán figurar os premios, que se entregarán atendendo á participación, por categoría das armas e de tirador.

